

NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN AO NIVEL DE RISCO DE INFLUENZA AVIARIA EN AVES DOMÉSTICAS OU SILVESTRES

En nota informativa do Servizo de Sanidade Animal de xaneiro 2025, informábase a todos os axentes e entidades interesadas sobre o aumento do nivel de risco da introdución da Influenza Aviaria de Alta Patoxenicidade (IAAP) en España, determinado nesas datas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación tras a análise semanal dos factores de risco segundo un modelo de predición baseado en diversos parámetros de estudo, entre eles a localización de focos de IAAP en Europa, a estacionalidade ou os movementos migratorios de aves silvestres implicados na transmisión desta patoloxía.

Esta notificación de aumento do risco de IAAP implicaba a activación de determinadas medidas de protección, encamiñadas a evitar o contacto das aves domésticas con aves silvestres e recollidas na *Orden APA/2442/20006, de 20 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria*, medidas que afectaban ás Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV), definidas na mencionada Orden e relacionadas no anexo desta nota informativa.

De acordo co antedito sistema de análise de risco semanal, o día 9 de abril de 2025 o MAPA comunicou o descenso no nivel de risco de focos de IAAP existente en España, co cal procédese a **levantar as medidas adoptadas o pasado xaneiro e volver á situación anterior**. Deste xeito a partir do 9 de abril **só permanecen vixentes certas medidas** que se aplican **exclusivamente nos concellos incluídos nas zonas ZER**, e que se detallan no anexo desta nota informativa.

A diminución de risco non significa que este non exista, polo que é importante **seguir aplicando medidas de bioseguridade** en todas as instalacións que alberguen aves de curral, sexan de tipo industrial, comercial de pequena capacidade (avicultura artesanal) ou currais familiares de autoconsumo.

Por outra banda, co fin de tomar as medidas que foran necesarias, a detección precoz é extremadamente importante nunha enfermidade de tan alta difusibilidade como a IAAP, polo que é fundamental a **comunicación inmediata da sospeita** desta doenza aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural.

Poden ser signos significativos de presenza de IAAP en aves domésticas:

- Caída do consumo do penso e da auga superior ao 20 %.
- Caída na posta de ovos superior ao 5 % durante máis de 2 días seguidos.
- Mortalidade superior ao 3 % durante una semana, sen causa xustificada.
- Calquera signo clínico ou lesión post-mortem compatible coa influenza aviaria.





En aves silvestres os signos clínicos son menos evidentes podendo afectar a un único individuo ou ben a un grupo máis ou menos numeroso de aves silvestres.

Aínda que o serotipo H5N1, maioritario a nivel mundial nos últimos anos, non ten demostrada unha potencialidade zoonótica significativa, por un principio básico de bioseguridade **recoméndase non tocar aves atopadas mortas ou enfermas**, e avisar ao servizo veterinario oficial no caso de aves de curral ou ao teléfono de atención 012 no caso de aves silvestres.

Notas finais:

- Esta situación pode ser modificada en función da evolución epidemiolóxica desta enfermidade en España ou en territorios do entorno.
- Esta información é trasladada desde a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a todos os actores interesados:
 - O sector avícola de Galicia, tanto industrial como artesanal.
 - Os concellos incluídos nas zonas ZER e ZEV e por extensión á FEGAMP.
 - Os Colexios Oficiais Veterinarios de Galicia, para a súa difusión ao persoal veterinario colexiado.
 - A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para traslado ao seu persoal de gardería e colectivos cinexéticos ou conservacionistas.
 - Os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural.
 - A Consellería de Sanidade para o seu coñecemento, no marco de coordinación "One Health".
 - Corpos e forzas de seguridade (Policía Autonómica e Seprona).
- Indicámoslles onde poden atopar información de interese sobre a influenza aviaria:

https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/influenza-aviar/influenza_aviar.aspx

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal/programas-oficiais/influenza-aviaria>

No seguinte enlace pódese realizar a busca das diferentes Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural. <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>

Reciban un saúdo.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Sanidade Animal
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Jesús Javier Orejas Fernández





ANEXO

ZONA ZER (ZONA ESPECIAL RISCO)

Concellos incluídos:

- Provincia da Coruña: Cerceda, Ordes, Tordoia
- Provincia de Lugo: Xove
- Provincia de Pontevedra: A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

ZONA ZEV (ZONA ESPECIAL VIXILANCIA)

Concellos incluídos:

- Provincia da Coruña: Cariño, Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Vimianzo e Zas.
- Provincia de Lugo: Ribadeo e Trabada.
- Provincia de Ourense: Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.
- Provincia de Pontevedra: A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Poio, Pontevedra, Redonde-la, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

MEDIDAS VIXENTES NA ZONA ZER EN SITUACIÓN DE BAIXO RISCO (Abril 2025)

- **Permítese a cría de aves ao aire libre** sempre que se lles alimente e subministre auga no interior das instalacións, ou de xeito que se impida o contacto das aves silvestres coa auga ou o alimento.
- **Non se permite a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.**
- **Subministro de auga:**
 - prohibese darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes nas que puideran ter acceso as aves silvestres, salvo que a auga fora sometida a un tratamento de hixienización que garanta a inactivación do virus da influenza aviaria.
 - os depósitos de auga de subministro para as aves domésticas, que puidera haber no exterior, deben estar protexidos para impedir que poidan acceder as aves silvestres ou as súas dexeccións.
- **Continúa prohibida a concentración de aves de calquera tipo**, aínda que, individualmente se poderían autorizar tras unha avaliación de risco caso por caso.
- Prohibese o **uso de reclamos de caza** con aves do tipo anátidas (parrulos ou similares) e charadriiformes (gaviotas e similares).





RECOMENDACIÓNS DE BIOSEGURIDADE XERAL EN INSTALACIÓNS AVÍCOLAS

Encamiñadas a evitar o contacto de aves domésticas con aves silvestres (especialmente acuáticas (parrulos, gansos, gaivotas...))

- Evitar a entrada de aves silvestres e outros animais ao interior das naves: teas paxareiras en fiestras ou nas entradas e saídas do aire e nas canalizacións do penso e da auga.
- Ter pechados os ocos polos que poidan penetrar aves ao interior dos aloxamentos das aves (xuntas, canaletas, tellados).
- Ter limpo de maleza e restos da actividade gandeira 2 metros arredor do perímetro das naves.
- Ter limpos e desinfectados os locais onde se almacenen os pensos e os utensilios da granxa.
- Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.
- Protexer os comedeiros e os bebedeiros das aves de curral así como os depósitos de auga, evitando que accedan a eles as aves silvestres ou as súas dexecións. Evitar darlle de beber ás aves de curral auga á que puideran ter accedido aves silvestres.
- Non manter ao aire libre aves de curral nos terreos próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais con presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas (parrulos e similares).
- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves (perdices, paspallás...), deben manter adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética (lavado de roupa, lavado de mans...), procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.
- Limitar ao mínimo imprescindible as visitas, tanto de persoas como de vehículos.

